



ACORDO DE COOPERACIÓN INTERADMINISTRATIVO ENTRE A
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA, A AXENCIA GALEGA
DE INFRAESTRUTURAS, A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E
ORDENACIÓN DO TERRITORIO, A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E A
FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA, PARA LEVAR A CABO A
EXECUCIÓN DA FASE II DO BOSQUE DE GALICIA NA CIDADE DA CULTURA
DE GALICIA

Santiago de Compostela, a 13 de xullo de 2017

REUNIDOS

Don Francisco José Conde López, Conselleiro de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, en nome e representación da mesma, no exercicio do seu cargo e en función das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta de Galicia e da súa presidencia, e de conformidade co disposto no Decreto 227/2012, do 2 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, modificado polo Decreto 116/2015, do 4 de outubro, no Decreto 129/2015 de 8 de outubro que fixa a estrutura orgánica das Consellerías da Xunta de Galicia, así como no Decreto 175/2015, de 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da consellería de Economía, Emprego e industria.

Dona Ethel M^a Vázquez Mourelle, Presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas, en nome e representación da mesma, no exercicio do seu cargo e en función das atribucións que lle confire o Decreto 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproba o estatuto da Axencia Galega de Infraestruturas.

Dona Beatriz Mato Otero, Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, en nome e representación da mesma, no exercicio do seu cargo e en función das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei



1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta de Galicia e da súa presidencia, e de conformidade co disposto no Decreto 148/2016, do 13 de novembro polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 177/2016, do 15 de decembro polo que se fixa a estrutura orgánica de Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, así como no Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Dona Ángeles Vázquez Mejuto, Conselleira de Medio Rural da Xunta de Galicia, en nome e representación da mesma, no exercicio do seu cargo e en función das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta de Galicia e da súa presidencia, e de conformidade co disposto no Decreto 227/2012, do 2 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, modificado polo Decreto 116/2015, do 4 de outubro, no Decreto 129/2015 de 8 de outubro que fixa a estrutura orgánica das Consellerías da Xunta de Galicia, así como no Decreto 166/2015, do 13 de novembro, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural.

Don **Román Rodríguez González**, Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, en nome e representación da mesma, no exercicio do seu cargo e en función das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta de Galicia e da súa presidencia, e de conformidade co disposto no Decreto 15/2015, do 9 de febreiro (DOG núm. 27 do 10/02/2015), e actuando asimesmo en representación da FUNDACION CIDADE DA CULTURA DE GALICIA (en diante FUNDACION) con CIF G15721640 e domicilio en Cidade da Cultura de Galicia, Edificio CINC terceira planta, Monte Gaiás, s/n, Código Postal 15707, de Santiago de Compostela, en calidade de Presidente do Padroado da FUNDACION, segundo o disposto no artigo 9 dos Estatutos da Fundación Cidade da Cultura de Galicia.

EXPOÑEN



Primeiro.- Que a Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia é o órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao cal corresponde, de conformidade co Estatuto de autonomía e coa Constitución, o exercicio de múltiples competencias e funcións, entre outras, nos ámbitos da promoción e dinamización da economía, investigación, desenvolvemento e innovación e a enerxía.

Segundo.- Que a Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia lle corresponden as competencias e funcións en materia de infraestruturas, mobilidade e vivenda, consonte o establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e nos termos sinalados na Constitución española. E, de acordo co establecido co artigo 3 do Decreto 165/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, a Axencia Galega de Infraestruturas adscríbese a esta Consellería.

Terceiro.- Que a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de ambiente, ordenación do territorio e urbanismo, e conservación da natureza, conforme o establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e nos termos sinalados na Constitución española.

Cuarto.- Que Consellería do Medio Rural é o órgano da Administración galega ao que lle corresponde propoñer e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito rural, que engloba as competencias en materia de agricultura, gandería, desenvolvemento rural e ordenación comarcal, estruturas rurais, industrias agroalimentarias e forestais, montes, prevención e defensa dos incendios forestais, de acordo co establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e segundo os termos sinalados pola Constitución española e no Estatuto de autonomía.

Quinto.- Que a Fundación Cidade da Cultura en Galicia foi constituída o 27 de decembro de 1999, como “organización de natureza fundacional, de interese



galego, sen ánimo de lucro, cun patrimonio afecto de maneira duradeira á realización dos fins de interese xeral propios da Institución”.

Mediante a Orde da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública do 11 de xaneiro de 2000 (DOG núm. 11 do 18 de xaneiro), clasificouse a Fundación como cultural e adscribiuse á Consellería de Cultura. Por Orde da Consellería de Cultura do 19 de xaneiro do 2000 (DOG núm. 26 do 8 de febreiro) declarouse de interese galego e inscribiuse no rexistro de fundacións desta consellería co número 73.

Segundo o artigo 7 dos estatutos , entre os seus fins fundacionais, se atopa; “c) *As tendentes a propiciar o achegamento da Cidade da Cultura de Galicia dun xeito físico á cidadanía, servindo como espazo de desenvolvemento de actividades non estritamente culturais, con especial énfase no lecer, o contacto coa natureza e o deporte.*”

O Decreto 4/2013, de 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, adscribe no seu artigo 2.2. a esta consellería á Fundación Cidade da Cultura de Galicia.

A Fundación ostenta a titularidade da “ Cidade da Cultura de Galicia” (CdC), un innovador e vangardista complexo construtivo, de singular valor arquitectónico, deseñado por Peter Eisenman, situado no monte Gaiás de Santiago de Compostela. A CdC inclúe diversas edificacións, infraestruturas, viarios e zonas verdes, entre as que se atopa o Bosque de Galicia.

Sexto.- Que, vinculado á planificación da urbanización e construción dos catro edificios da Cidade da Cultura de Galicia, no ano 2003 Eisenman Architects, P.C. (EA) elaborou os bocetos sobre o Bosque de Galicia, baixo proposta do paisaxista Olin Partnership, e que foron sometidos á consideración da Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais da Consellería de Medio Ambiente no mesmo ano.



No ano 2014 retomouse a execución do proxecto do Bosque de Galicia, que alcanzou nunha primeira fase, ás 23,45 hectáreas de Monte, concretamente na Ladeira Oeste (cara a cidade da Santiago), a Ladeira Este (cara a O Viso) e no vial de acceso ao complexo.

A primeira fase do Bosque de Galicia levantouse nas ladeiras do monte Gaiás con máis de sete mil árbores de especies autóctonas (carballos, castiñeiros, salgueiros, bidueiros, ameneiros, espiños, serbais, loureiros...), un novo pulmón verde de 24 hectáreas que incrementa a biodiversidade da zona e mellora o metabolismo ambiental de Santiago, ao tempo que contribúe a integrar a Cidade da Cultura en Compostela, favorecendo que os visitantes se acheguen camiñando.

Unha rede de sendas peonís de 3.284 metros de sendas favorece o seu uso como lugar para o paseo, o contacto coa natureza e para todos os afeccionados ás actividades deportivas ao aire libre. A trama das sendas permite subir ao Gaiás elixindo itinerarios máis o menos suaves, ofrecendo alternativas para todos os visitantes. Un sistema de iluminación fotovoltaico de baixo consumo permitirá o uso destas sendas nas horas sen luz natural. Ademais, no cumio do monte, instalouse unha estación fotovoltaica que contribúe á recuperación desta enerxía. O sistema instalado ofrece unha iluminación suave e funcional, que evita a contaminación lumínica.

O Bosque conta con zonas de descanso e un fermoso miradoiro no alto onde descubrir unha das vistas máis descoñecidas de Santiago. Nel, un banco orientado cara ao oeste ofrece unha panorámica privilexiada para contemplar o solpor de Compostela.

Na plantación das árbores participaron decenas de cidadáns e escolares, nun xesto que simbolicamente busca evidenciar que o Bosque de Galicia é o bosque de todos os galegos.

Sétimo.- Que, visto o éxito da primeira fase desta iniciativa, cómpre promover



unha segunda fase co obxecto de fomentar o desenvolvemento do proxecto de acondicionamento da zona suroeste do Bosque de Galicia (segunda fase) e conexión este co Parque da Balea. O ámbito do traballo é a zona suroeste do monte Gaiás, comprendendo a ladeira que descende cara á Avda. Diego Bernal, e a Travesía da Calzada do Sar, desde a zona oeste dos edificios da Cidade da Cultura de Galicia, na que se atopa o Museo Centro Gaiás, o Xardín Literario e as torres Hejduk. Inclúe conexión este do Bosque de Galicia co Parque da Balea.

Na segunda fase, obxecto do presente proxecto, expónse o acondicionamento da zona sur da ladeira que cae cara ao val do río Sar, cunha superficie aproximada de 9,9 H^a. Na zona sur do monte caracterízase pola ampla ladeira de superficie irregular que cae cara ao val do Sar, cunha lonxitude aproximada duns 700 m e pendentes comprendidas entre o 22 e o 26 %. Sobre o terreo aínda se poden distinguir alteracións da topografía que corresponden aos antigos elementos de organización e parcelación dos terreos agrícolas situados na zona inferior da saia do Monte Gaiás: “cómaros”, “socalcos”, etc. O arborizado existente segue as liñas marcadas por estes elementos de división entre parcelas e está formado fundamentalmente por carballos e, en menor medida salgueiros. A parte superior do monte, cunha capa vexetal de pouco espesor, na que en ocasións aflora o terreo rochoso, carece de arborizado, as especies predominantes son as herbáceas e o brezo.

Igualmente, o proxecto estará dotado dun sistema de iluminación, que terá como obxectivo fundamental, o de promover a inserción de medidas de aforro e de racionalización na produción, distribución e subministración de enerxía que se consuma nas luminarias a implantar.

Oitavo.- Que visto todo o anterior, se considera de interese público abordar, á maior brevidade posible, a posta en marcha deste proxecto co obxecto de crear un espazo natural único para goce e desfrute da cidadanía galega, no marco dunha infraestrutura de difusión cultural, que paralelamente, promova políticas de conservación da natureza e consumo enerxético sostible. A execución do proxecto



do Bosque da Cidade da Cultura de Galicia, converterá as ladeiras do Monte Gaiás nun dos pulmóns verdes de maior extensión do concello en un espazo de recreo e lecer para a cidadanía galega.

Así pois, dada a implicación enerxética do proxecto, así como as implicacións medioambientais e de conservación da natureza, a repercusión no ordenamento do solo e infraestruturas, e nas políticas forestais e de montes, as Consellerías de Economía, Emprego e Industria, Consellería de Infraestruturas e Vivenda, Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e da Consellería do Medio Rural e a Fundación Cidade da Cultura, como titular do complexo e adscrita á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, manifestan a súa vontade de colaborar no desenvolvemento deste proxecto, e con tal finalidade acordan a sinatura do presente acordo de cooperación interadministrativo con suxeición ás seguintes

CLAUSULAS

Primeira.-Obxecto

O obxecto do presente acordo é o de establecer as bases de colaboración para o desenvolvemento do proxecto de acondicionamento da zona suroeste do Bosque de Galicia (fase 2) e conexión este co Parque da Balea, situado na contorna da Cidade da Cultura, no monte Gaiás, en Santiago de Compostela.

O ámbito do traballo é a zona suroeste do monte Gaiás, comprendendo a ladeira que descende cara á Avda. Diego Bernal, e a Travesía da Calzada do Sar, desde a zona oeste dos edificios da Cidade da Cultura de Galicia, na que se atopa o Museo Centro Gaiás, o Xardín Literario e as torres Hejduk. Igualmente se executará unha conexión dende a zona este do Bosque de Galicia (dende o miradoiro) ata á area de lecer norte (Parque da Balea).

Segunda.- Actuacións a realizar



As actuacións a realizar son as seguintes:

- Tratamento da vexetación e definición de novas plantacións
- Definición de nova entrada no encontro da Avda. Diego Bernal coa Travesía da Calzada do Sar
- Definición da conexión entre os aparcadoiros da zona este do complexo coa área de lecer norte do Gaiás (Parque da Balea)
- Trazado de camiños e solucións de pavimentación
- Definición de elementos de contención, evacuación de auga, drenaxe, etc.
- Definición de áreas de descanso
- Definición de zona de terraza / miradoiro
- Sinalización
- Definición de sistema de iluminación para as entradas ao Bosque de Galicia
- Definición do sistema de iluminación a empregar nos camiños, de solucións específicas para escaleiras e para empregar nas áreas de descanso
- Deseño da instalación de alimentación incluíndo definición de seccións de condutos, cableado, cadros de mando e protección e sistemas de control.

Terceira.- Obrigas das partes

- **Obrigas da Consellería de Economía Emprego e Industria**

- Aportar o financiamento previsto na Cláusula Cuarta do presente acordo.



- Apoiar á Fundación Cidade da Cultura de Galicia na definición dos proxectos para levar a cabo as actuacións contempladas na Cláusula Segunda para o desenvolvemento do presente acordo, no eido das súas competencias.

- Facilitar toda a información necesaria para levar a cabo as actuacións, garantindo a corrección e veracidade das mesmas e destinar os recursos necesarios que fagan posible a correcta execución de ditas actuacións.

- **Obrigas da Axencia Galega de Infraestruturas.**

- Aportar o financiamento previsto na Cláusula Cuarta do presente acordo.

- Apoiar á Fundación Cidade da Cultura de Galicia na definición dos proxectos para levar a cabo as actuacións contempladas na Cláusula Segunda para o desenvolvemento do presente acordo, no eido das súas competencias.

- Facilitar toda a información necesaria para levar a cabo as actuacións, garantindo a corrección e veracidade das mesmas e destinar os recursos necesarios que fagan posible a correcta execución de ditas actuacións.

- **Obrigas da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**

- Executar, con cargo aos seus orzamentos, as actuacións consistentes en construción de sendas e camiños, a través de procedementos de contratación que correspondan e/ou encomendas segundo o previsto na Lei 6/2010 de 17 de decembro de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

- Apoiar á Fundación Cidade da Cultura de Galicia na definición dos proxectos para levar a cabo as actuacións contempladas na Cláusula Segunda para o desenvolvemento do presente acordo, no eido das súas competencias.



- Facilitar toda a información necesaria para levar a cabo as actuacións, garantindo a corrección e veracidade das mesmas e destinar os recursos necesarios que fagan posible a correcta execución de ditas actuacións.

- **Obrigas da Consellería do Medio Rural**

- Aportar o financiamento previsto na Cláusula Cuarta do presente acordo.
- Apoiar á Fundación Cidade da Cultura de Galicia na definición dos proxectos para levar a cabo as actuacións contempladas na Cláusula Segunda para o desenvolvemento do presente acordo, no eido das súas competencias.
- Facilitar toda a información necesaria para levar a cabo as actuacións, garantindo a corrección e veracidade das mesmas e destinar os recursos necesarios que fagan posible a correcta execución de ditas actuacións.
- Outorgar, á maior brevidade posible, a autorización previa prevista na Lei 6/2010 de 17 de decembro de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, sobre as entidades ou organismos sobre os que a Consellería ten atribuída a tutela funcional respecto de posibles encomendas de xestión.

- **Obrigas da Fundación Cidade da Cultura**

- Definir os proxectos para levar a cabo as actuacións contempladas na Cláusula Segunda para o desenvolvemento do presente acordo.
- Executar os proxectos para o desenvolvemento das actuacións previstas na Cláusula Segunda, , agás as que correspondan á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a través de procedementos de contratación que correspondan e/ou encomendas segundo o previsto na Lei 6/2010 de 17 de decembro de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.



- A Fundación levará a tramitación e adxudicación do contrato/encomenda que lle corresponda, en colaboración coa Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, respecto das actuacións que deberá executar esta última, así como o seguimento, control e supervisión dos proxectos que execute a entidade no marco do presente acordo.
- Proceder ao reintegro, total ou parcial, das cantidades percibidas no suposto de inexecución das actuacións obxecto do presente acordo que sexan da súa competencia e cuxa contratación corresponda á Fundación, de incumprimento da xustificación dos gastos correspondentes ou cando o importe dos gastos executados e xustificados sexa inferior á cantidade anticipada.
- Difundir e facer constar, de forma visible, a colaboración prestada por Consellería de Economía, Emprego e Industria, Axencia Galega de Infraestruturas, Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e da Consellería do Medio Rural nas comunicacións ou publicacións nas que se difunda información relativa ás actividades desenvolvidas para a execución do proxecto obxecto deste acordo.

As partes se comprometen a realizar cantas accións resulten precisas para a correcta e completa execución das actuacións previstas neste acordo.

Cuarta.- Financiamento

O orzamento total previsto para a realización do proxecto obxecto da colaboración ascende á cantidade de setecentos sesenta e dous mil seiscientos dezaseis euros con noventa e catro céntimos de euro (762.616,94 €). As partes comprométense a achegar as seguintes cantidades, nos termos establecidos nesta cláusula;

4.1.- A Consellería de Economía, Emprego e Industria financiará as actuacións que se derivan da sinatura e execución do presente acordo por un importe de 183.129,94 € con cargo aos seus orzamentos para os anos 2017 e 2018.



4.2.- A Consellería de Infraestruturas e Vivenda, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, financiará as actuacións que se derivan da sinatura e execución do presente acordo por un importe de 92.288,52 con cargo ao seu orzamento para o ano 2017.

4.3.- A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio financiará as actuacións que se derivan da sinatura e execución do presente acordo por un importe de 99.136,25 con cargo aos seus orzamentos para os anos 2017 e 2018, sendo cofinanciado nun 80% con fondos do Programa Operativo FEDER Galicia 2014 – 2020, co lema “Unha maneira de facer Europa”, considerándose unha actuación de Fomento e promoción dos valores do Patrimonio Natural y a biodiversidade de Galicia do citado Programa Operativo de acordo co seguinte desglose:

ELEXIBILIDADE		
Obxectivo Temático	6	Conservar e protexer o medio ambiente e promover a eficiencia dos recursos
Prioridade de Investimento	6.3	Conservación, protección, fomento e desenvolvemento do patrimonio natural e cultural
Obxectivo específico	6.3.2	Protección, desenvolvemento e promoción das áreas naturais, en particular, as de interese turístico
Actuación	6.3.2.3	Fomento e promoción dos valores do Patrimonio Natural e da biodiversidade de Galicia
Línea de actuación	24	Medidas de fomento e promoción dos valores sobre o patrimonio natural e a biodiversidade de Galicia
Campo de Intervención	091	Desenvolvemento e promoción do potencial turístico dos espazos naturais
Título da operación		Actuacións de promoción e divulgación do patrimonio natural de Galicia



Todas as actuacións contempladas na encomenda contribuirán á consecución do obxectivo específico 6.3.2. e cumpren os criterios básicos de selección de operacións aprobados, sendo coherentes coa planificación, protección e xestión do patrimonio natural.

4.4.- A Consellería do Medio Rural financiará as actuacións que se derivan da sinatura e execución do presente acordo por un importe de 66.028,94 con cargo ao seu orzamento para o ano 2017.

4.5.- A Fundación Cidade da Cultura de Galicia financiará as actuacións que se derivan da sinatura e execución do presente acordo por un importe de 322.033,30€ con cargo aos seus orzamentos para os anos 2017 e 2018.

A Fundación Cidade da Cultura de Galicia, na súa condición de inductor e promotor das actuacións, exercerá en todo momento a o control da execución das actuacións que lle correspondan e supervisión última das actuacións que acometa a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio; neste sentido, a Fundación Cidade da Cultura de Galicia, a través da Oficina Técnica, dirixirá e supervisará a execución conxunta das actuacións que correspondan, considerando ás certificacións que a tal efecto emita a dirección facultativa contratada ou dependente da Fundación, e adoptará as decisións e ditará as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da colaboración pactada.

A Fundación Cidade da Cultura de Galicia xustificará os investimentos realizadas nas actuacións definidas na cláusula segunda, agás as actuación cuxa execución lle corresponda á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, mediante certificación emitida pola directora xerente da entidade. Esta certificación terá como base as propias de obra supervisadas pola Fundación (previstas no parágrafo anterior), e será enviada aos axentes financiadores unha vez realizada a medición final e recepcionada pola Fundación Cidade da Cultura de Galicia a obra, sen prexuízo do control que os axentes financiadores poidan realizar sobre o destino das súas achegas en calquera momento da execución das



actuacións

4.6.). A dotación orzamentaria e proxecto son os seguintes:

4.6.1.- Consellería de Economía, Emprego e Industria;

Anualidade	Aplicación e proxecto de orixe na Consellería de Economía, Emprego e Industria:	Aplicación e proxecto de destino na Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria:
2017	09.20.733A.743.15 100.000,00 € Proxecto 2016/00418	10.20.432B.743.15 100.000,00 € Proxecto 2015/00412
2018	09.20.733A.743.15 83.129,94 Proxecto 2016/00418	10.20.432B.743.15 83.129,94 Proxecto 2015/00412

En consecuencia, a Consellería de Economía, Emprego e Industria elaborará o RC (RCT) correspondente á anualidade do exercicio 2017 polos importes sinalados anteriormente, para a posterior tramitación por parte da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da correspondente modificación orzamentaria nas transferencias de financiamento á Fundación Cidade da Cultura de Galicia e nos orzamentos da fundación.



Na parte imputable ao ano 2018, a Consellería, e dentro dos límites orzamentarios, comprometerá gasto por dita contía nas contas de dito exercicio. Unha vez iniciado o mesmo, contabilizará o correspondente documento de retención de crédito (RCT) para a súa tramitación por parte da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de igual maneira que no exercicio 2017.

4.6.2.- Axencia Galega de Infraestruturas

Anualidade	Aplicación e proxecto de orixe na Axencia Galega de Infraestruturas:	Aplicación e proxecto de destino na Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria:
2017	08.A1.512.B 600.1 92.288,52 € Proxecto 2007/00258	10.20.432B.743.15 92.288,52 € Proxecto 2015/00412

En consecuencia, a Axencia Galega de Infraestruturas, adscrita á Consellería de Infraestruturas e Vivenda elaborará, o RC (RCT) correspondente á anualidade do exercicio 2017 polos importes sinalados anteriormente, para a posterior tramitación por parte da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da correspondente modificación orzamentaria nas transferencias de financiamento á Fundación Cidade da Cultura de Galicia e nos orzamentos da Fundación.

4.6.3.- Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio ;



Anualidade	Aplicación e proxecto de orixe na Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio:
2017	07.03.541B.601.2 36.160,65 € Proxecto 2016 00070
2018	07.03.541B.601.2 62.975,60 € Proxecto 2016 00070

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio será responsable directo da obriga de pagamento das cantidades comprometidas na execución do gasto.

4.6.4.- Consellería de Medio Rural;

Anualidade	Aplicación e proxecto de orixe na Consellería do Medio Rural:	Aplicación e proxecto de destino na Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria:
2017	13.02.713B.604.4 66.028,94 € Proxecto 2005/00285	10.20.432B.743.15 66.028,94 € Proxecto 2015/00412

En consecuencia, a Consellería de Medio Rural, elaborará o RC (RCT) correspondente a anualidade do exercicio 2017 polos importes sinalados anteriormente, para a posterior tramitación por parte da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da correspondente modificación orzamentaria nas transferencias de financiamento á Fundación Cidade da Cultura



de Galicia e nos orzamentos da fundación.

4.6.5.- Fundación Cidade da Cultura de Galicia

	Anualidade 2017	Anualidade 2018
Importe	120.000,00 €	202.033,30 €
Conta asociada	230.00001	230.00001
Expediente de gasto	EG1737	EG1837
Epígrafe	Adaptación terreos e Bens Naturais	Adaptación terreos e Bens Naturais

Nos orzamentos da Fundación para o ano 2017 existe crédito suficiente e axeitado para acometer as actuacións que lle son propias derivadas do citado proxecto para dito exercicio: 120.000,00 €. Na parte imputable ao ano 2018 (202.033,30 €), a Fundación, a través das transferencias de capital da Consellería de Cultura, e dentro dos límites orzamentarios, comprometerá gasto por tal contía nas contas de dito exercicio.

Quinta.- Protección de datos

As partes obríganse a que o tratamento dos datos de carácter persoal derivado do presente acordo se realizará de acordo ao disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e a súa normativa de desenvolvemento, nas referencias específicas contidas na Lei 59/2003, de 19 do decembro, de Firma Electrónica, no Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 do novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos del Sector Público e no resto de disposicións de aplicación.

Sexta.- Comisión de Seguimento.

Establécese unha Comisión de Seguimento do presente Acordo integrada por un



mínimo de un representante por cada unha das partes asinantes deste documento. Os membros desta Comisión poderán ser substituídos polas persoas que estes designen. A substitución, con carácter definitivo ou temporal, de calquera dos membros da Comisión de Seguimento, será anunciada na convocatoria de reunión correspondente, e quedará debidamente reflectida na acta da mesma.

A Comisión de Seguimento asumirá, entre outras, as seguintes funcións:

- Supervisar a execución dos proxectos.
- Resolver os problemas de interpretación e cumprimento que se deriven do presente acordo.

A comisión reunirase en sesión constitutiva no prazo dun mes dende a sinatura do acordo e poderá reunirse tantas veces estimen oportuno as partes, para mellor cumprimento e execución deste acordo, e por iniciativa de calquera delas.

Sétima.- Resolución do acordo

O presente acordo resolverase por incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan, ou polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas, ou de mutuo acorde polas partes asinantes.

Á marxe do anterior, o presente acordo poderá extinguirse pola concorrencia dalgunha das seguintes causas:

- a) Cumprimento do seu obxecto.
- b) Imposibilidade sobrevinda para o seu cumprimento.
- c) Acordo expreso das partes.



En caso de non execución das actuacións, a Fundación restituirá as cantidades aportadas polas consellerías participantes no presente acordo, reducindo proporcionalmente os importes xerados polas actuacións que se tivesen realizado á data do acordo de resolución.

Oitava.- Discrepancias

As eventuais discrepancias derivadas do presente acordo que non poidan ser resoltas pola comisión de seguimento prevista na cláusula sexta, resolveranse polo procedemento previsto na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público de Galicia, para os conflitos de atribucións.

Novena.- Vixencia

O presente acordo terá efecto dende a data da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 21 de marzo de 2018. Non obstante o anterior, poderá prorrogarse a súa vixencia polo tempo preciso, no caso de que as actuacións indicadas na cláusula segunda, non puidesen ter finalizado en dita data por causas non imputables á Fundación Cidade da Cultura de Galicia.

Décima.- Publicidade

A sinatura do presente acordo de colaboración suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG núm.149 do 3 de agosto).

Úndecima.- Natureza xurídica



O presente acordo ten natureza administrativa e regularase polo establecido nas presentes cláusulas e na lexislación que resulte aplicable. O acordo queda excluído do ámbito de aplicación do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, en virtude do disposto no seu artigo 4 e para calquera cuestión litixiosa que se derive do mesmo, será de aplicación a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. As partes comprométese a resolver de común acordo calquera controversia que puidera suscitarse sobre a interpretación ou execución deste acordo.

Duodécima.- Medidas de información e comunicación

Os adxudicatarios dos contratos das actuacións realizadas ao abeiro deste acordo de colaboración e financiadas con fondos do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020 deberán cumprir coa normativa referente a información e publicidade comunitaria establecidas no apartado 2.2 do anexo XII do Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013 e nos artigos 4 e 5 do Anexo II do Regulamento (UE) nº 821/2014 da Comisión do 28 de xullo de 2014.

Durante a execución da actuación colocarse un cartel informativo coas seguintes características:

- Dimensións: 0,80 x 1,50 m e con altura desde o borde inferior ao chan de 1,50m.
- Colocación: nun lugar ben visible para o público.
- Lema: Unha maneira de facer Europa.
- Contido: nome da actuación + emblema + referencia a la Unión Europea + nome do Fondo + lema. Este contido ocupará cando menos un 25% do cartel.

Así mesmo colocarse nun lugar visible para o público, un cartel ou placa permanente, de tamaño significativo, una vez finalizada a execución da actuación co mesmo contido do cartel informativo.

E en proba de conformidade co exposto, asinan este acordo por quintuplicado exemplar no lugar e data sinalados no encabezado,



XUNTA DE GALICIA



Fondo Europeo de
Desenvolvemento Rexional
Unha maneira de facer Europa



Pola Consellería de Economía, Pola Axencia Galega de
Emprego e Industria Infraestruturas.

Don Francisco José Conde López
Conselleiro

Dona Ethel M^a Vázquez Mourelle
Presidenta.

Pola Consellería de Medio Ambiente Pola Consellería de Medio Rural
e Ordenación do Territorio

Dona Beatriz Mato Otero
Conselleira

Dona Ángeles Vázquez Mejuto
Conselleira

Pola Fundación Cidade da Cultura de
Galicia

Don Román Rodríguez González
Presidente do Padroado